POLA RECUPERACIÓN Do PODER ADQUISITIVO DE PENSIÓNS E SALARIOS.
Manifesto del 15 de Outubro de 2022

As persoas pensionistas, e traballadoras en activo, vimos sufrindo dende a crise de 2008 **un proceso continuo de perda de dereitos sociais e liberdades, así como de recortes en servizos públicos, salarios e pensións.**

Durante a pandemia demostrouse que **privatizar, recortar e subcontratar servizos públicos** reduciu a nosa capacidade de resposta ao COVID. De facto, os recortes en pensións públicas e salarios, e as privatizacións dos servicios públicos (Sanidade, Educación, Transporte, Dependencia: residencias, SAD, …) cuns cadros de persoal escandalosamente reducidos, precarizan e empobrecen a vida da población nun horizonte de exclusión social.

Estamos nunha crise económica, ecolóxica e social que ten as súas raíces no desigual reparto da riqueza nun escenario de guerras pola disputa da hexemonía económica internacional. Mentres se insiste en que non hai recursos para protexer á xente, preténdese elevar o gasto militar do 1,2 ao 2% do orzamento público.

Sufrimos as consecuencias dunha política fiscal e económica que beneficia ás rendas do capital en detrimento das rendas do traballo, e facilita o fraude fiscal empresarial. As persoas más ricas acumulan cada vez máis riqueza en detrimento dos recursos destinados a salarios, pensións, gasto social e a un modelo de desenvolvemento social e medioambientalmente eficiente. Nalgunhas CCAA están baixando impostos, como por exemplo o del patrimonio, mentres as pensións mínimas e non contributivas son de miseria.

En contra do que se publica nos medios de comunicación interesados, as p**ensións non medran, senón que se reducen e perden poder adquisitivo.** En 2021 produciuse unha perda de poder adquisitivo nas pensións do 3% e, no que vai do ano 2022 a suba media dos salarios foi do 2,4% e o das pensións do 2,5%; mentres, o IPC subiu un 10´5% até agosto. Así, só no primeiro semestre de 2022 as empresas do IBEX 35, e dentro delas os oligopolios da enerxía e financeiros, baten todos os récords de obtención de beneficios chegaron aos 48.868 millóns de euros. Xa en 2021, as empresas participadas na Bolsa española obtiveron máis de 64.000 millóns de beneficios. É dicir, mentres as clases populares e a poboación traballadora empobreceuse e perdeu dereitos, as elites se enriquecen de maneira obscena.

A causa fundamental do incremento dos prezos, non son os salarios nin as pensións, senón que o son aqueles que, en réxime de monopolio, fixan os prezos para manter e incrementar os seus escandalosos beneficios. A cobiza do poder financeiro é insaciábel no seu afán de acaparar os recursos públicos, impoñendo agora, unha Lei de Fomento dos Plans de Pensións de Empresa, coa complicidade do poder político e de algúns sindicatos para apoderarse e privatizar a xestión das cotizacións sociais destinadas ás pensións públicas. Ademais, ameazan cun novo “pacto de rendas”, como mecanismo de empobrecemento da poboación para salvagardar os marxes de beneficios do capital especulativo.

Todas as persoas sufrimos as consecuencias destas políticas públicas, mais denunciamos expresamente a situación das mulleres traballadoras e pensionistas, que seguen percibindo as pensións máis baixas, algunhas delas no umbral da pobreza. Igualmente, a muller traballadora de hoxe segue sufrindo soldos e cotizacións más baixas que desembocarán en pensións reducidas. Os contratos temporais a tempo parcial, as carreiras laborais curtas e insuficientes, os empregos infravalorados, a

invisibilización dos traballos de coidados, a economía somerxida, as actividades con cotizacións mínimas, a falta de promoción, así como el teito de cristal, a necesidade de conciliación da vida familiar, as reducións de xornadas para coidados, as excedencias para a axuda de dependentes teñen como protagonista á muller.

Para **erradicar a fenda de xénero en salarios e pensións** é preciso derrogar as reformas laborais da precariedade, eliminar as discriminacións profesionais no ámbito laboral, referenciar a pensión mínima a un SMI do 60% do salario medio e adoptar medidas eficaces de reparto do emprego e do traballo.

Este outono a batalla pola distribución xusta da riqueza e a equidade de xénero será crucial e vai selo especialmente na defensa dos salarios e pensións. Mentres falan de pacto de rendas estase a producir un enorme transvase de rendas dos petos da maioría traballadora a os petos dos oligopolios.

Por todo isto, o 15 de Outubro de 2022, **as plataformas movementos de pensionistas dos diferentes Pobos e Comunidades do Estado abaixo asinantes, mobilizámonos en Madrid e escenificaremos a entrega dos centenares de miles de sinaturas recollidas** pola revalorización das pensións en función do incremento do IPC acumulado anual, por unha Pensión Mínima do 60% del salario medio, e polo rexeitamento á privatización do Sistema Público de Pensións (SPP).

Tamén **eximos a realización da auditoría das contas da Seguridade Social** aprobada na Lei 21/2021, de 28 de decembre, que aínda non se fixo cando xa se cumpriron os seis meses do prazo establecido, incumprindo a propia Lei.

Este é o primeiro paso da mobilización xeral que realizaremos en Novembro nos Pobos e Comunidades do Estado. Seguiremos na rúa até reverter as contrarreformas que nos están impoñendo, acabar coa fenda de xénero en salarios e pensións, eliminar a penalización ás pensións anticipadas con longas carreiras de cotización, recuperar os dereitos perdidos nas sucesivas reformas laborais e de pensións, xerar un reparto equitativo da riqueza e mellorar e garantir servizos públicos e comunitarios universais e de calidade.

Agradecémoslles a súa presenza ás traballadoras e traballadores en activo e a cantas organizacións sociais e sindicais que tomarán parte na manifestación do 15 de outubro, e manifestamos o noso desexo de tamén compartamos con elas as mobilizacións do próximo mes de Novembro. Todas, persoas e organizacións, somos necesarias, porque só xuntas esta batalla ímola gañar.

¡¡¡Todos a Madrid o 15 de Outubro!!!

¡¡¡GOBERNE QUEN GOBERNE, AS PENSIÓNS PÚBLICAS DEFÉNDENSE!!!

ASJUBI40 (Asociación Jubilación Anticipada sin Penalizar),

COESPE (Coordinadora Estatal por la Defensa del Sistema Público de Pensións),

EHPM (Movimiento de Pensionistas de Euskal Herria),

MADPP (Movimiento Andaluz en Defensa das Pensións Públicas),

MODEPEN (Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos),

UNIDAD COESPE,

PLATAFORMAS DE PENSIONISTAS de Badajoz, Móstoles, ...